



ASPERGA - ASOCIACIÓN GALEGA DE ASPERGER

BUSCAMOS: VOLUNTARIOS E VOLUNTARIAS

ESTÁS INTERESADO/A?

CHAMA AO - 881 165 157

ESCRIBE A - ASPERGA@ASPERGA.ORG

CIF: G70043435



QUEN SOMOS?

ASPERGA (Asociación Galega de Asperger) nace no 2006, no que comezamos a tecer, dentro do ámbito do TEA, unha rede de familias e persoas con síndrome de Asperger, co obxectivo de lograr a mellora da súa calidade de vida e un futuro de plena inclusión social.

Actualmente temos dous centros sociosanitarios, un na cidade de A Coruña e outro na cidade de Santiago de Compostela. Desde estes centros, equipos multidisciplinares de profesionais especialistas en TEA (de áreas da psicoloxía, logopedia, terapia ocupacional, pedagogía, traballo social, orientación laboral, etc.) proporcionan atención especializada e orientación á persoas con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA) e ás súas familias.

Os fins que persegue ASPERGA son:

- Promover a sensibilización e concienciación social acerca das características das persoas con TEA e a súas familias.
- Favorecer e mellorar a súa autonomía a través de intervencións individuais e grupais, a través de programas específicos.
- Representar e defender os intereses das persoas con TEA e as súas familias.

QUE SIGNIFICA SER VOLUNTARIO/A EN ASPERGA?

- Donar o teu tempo e competencias realizando actividades e compartindo momentos que cambiarán a túa vida e a vida das persoas con TEA e as súas familias.
- Unha oportunidade para participar na sociedade e contribuír a cambiala.
- Unha experiencia de aprendizaxe sobre o Trastorno do Espectro do Autismo, sobre as súas características e rasgos e, sobre todo, sobre como mellorar a súa inclusión social.
- Vivir a experiencia dun lecer inclusivo e integrador.

